

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA GAONA PARA A ADQUISICIÓN DUN SECUENCIADOR DE ADN PARA A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA.

En Santiago de Compostela, a 19 de maio de 2020

REUNIDOS,

Dunha parte, D Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación deste organismo, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e na súa condición de presidente do padroado da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, segundo determina o artigo 10 dos seus Estatutos; así como co que dispón o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte D. José Arnau Sierra, Vicepresidente da Fundación Amancio Ortega Gaona, constituída ante notario o 10 de xullo de 2001, clasificada, por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública, como fundación mixta (D.O.G. 11/09/01) e declarada de interese galego, (D.O.G. 25/09/01), inscrita no Rexistro Único de Fundacións co número 2001/25 e con sede na localidade de Arteixo, na provincia da Coruña, en nome e representación da mesma segundo acordo adoptado polo Padroado da Fundación o 20 de marzo de 2020.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente Convenio e, para iso,

EXPOÑEN:

I.- Que a Fundación Amancio Ortega Gaona é unha entidade sen ánimo de lucro, onde o seu patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Que a Fundación Amancio Ortega Gaona ten dentro do seu obxecto fundacional a promoción, o fomento, o desenvolvemento, a execución e a presupuestación de todo tipo de actividades que fomenten a difusión e extensión da investigación, da acción social e asistencial e da ciencia en calquera das súas manifestacións e, no desenvolvemento de este obxecto, a Fundación poderá levar a cabo accións de cooperación con calquera persoas, organizacións e institucións que destaquen pola súa contribución á consecución dos fins propios da Fundación.

II.- Que o Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo dotado de personalidade xurídica propia, adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro. Ten entre as súas funcións: a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo; a política de relación con outras Administracións Públicas; así como o desenvolvemento de programas de formación e docencia dos seus profesionais dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

III.- Que a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (en adiante FPGMX), que ten a condición de fundación do sector público autonómico de Galicia, é unha entidade sen ánimo de lucro suxeita á Lei 49/2002, de 23 de decembro, de interese galego, con personalidade xurídica propia, que ten afectado de forma duradeira o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se detallan nos seus estatutos.

Que segundo o artigo 6 dos seus estatutos se enumeran os fins de interese xeral da FPGMX, entre os que se atopan garantir o acceso os cidadáns a probas xenómicas, promover o desenvolvemento da medicina xenómica competitiva en Galicia, dispoñer de recursos tecnolóxicos e humanos necesarios para o eficaz desenvolvemento da investigación xenómica en Galicia, a integración en redes nacionais e internacionais existentes tanto no ámbito clínico como de investigación molecular, promover a constitución de equipos multidisciplinares para o desenvolvemento de proxectos e traballos de xenómica.

IV.- Que dentro da estrutura da FPGMX atópase a Unidade de Secuenciación Masiva creada fai dez anos, contando ao longo deste tempo con varios secuenciadores de pequena e mediana escala que lle permitiron realizar milleiros de análises de paneis de xenes e exomas tanto para diagnóstico coma para investigación. Sen embargo, os equipos dos que dispón están ó máximo da súa capacidade fronte a un incremento na demanda dun 25-30 % anual en probas diagnósticas que requiren o uso desta tecnoloxía, polo que non existe capacidade suficiente para participar en grandes proxectos de secuenciación de xenomas humanos que se están a desenvolver hoxe en día e que permiten avanzar no coñecemento das enfermidades humanas e a súa posterior translación á práctica clínica.

Neste sentido, na actualidade, o diagnóstico de un gran número de enfermidades xenéticas é realizado mediante o uso de tecnoloxías de secuenciación masiva que permiten abordar o análise de decenas a milleiros de xenes nunha única proba, cun aforro significativo tanto de tempo coma de custe. Ademais da súa importancia para o diagnóstico, convertéranse en ferramentas imprescindibles no ámbito da investigación das enfermidades cuxa orixe aínda é descoñecida.

V.- Que, no marco das súas actividades, a FPGMX precisa incorporar un novo equipo de secuenciación masiva de ADN de última xeración con capacidade para secuenciar xenomas humanos completos e exomas a gran escala.

No ámbito asistencial, a incorporación do devandito equipo permitirá reducir de forma inmediata os tempos e custes de moitas das probas necesarias para o diagnóstico xenético con tódalas garantías, así como abordar probas para as que non se dispuña de capacidade suficiente. No ámbito da investigación, a adquisición do novo secuenciador posicionará á FPGMX nunha situación estratéxica para participar en grandes proxectos de secuenciación (Proxecto 1M Xenomas, consorcios internacionais de cancro, enfermidades raras, etc.) e permitiríalle avanzar no estudo de importantes patoloxías de carácter xenético, ademais de permitirlle incorporar outras aplicacións.

Por tal motivo a FPGMX está a levar a cabo a contratación do subministro e servizo de mantemento por cinco anos dun equipo de secuenciación masiva de ADN e os seus sistemas asociados, de acordo coas características recollidas nos pregos de licitación.

VI.- Que este Convenio de Colaboración e a súa implementación na FPGMX reflicte o esforzo conxunto do Sergas e a Fundación Amancio Ortega Gaona na procura dunha solución que permita dar unha mellor resposta a colectividade mediante unha mellora na atención ao cidadán a través da actualización tecnolóxica cubrindo a necesidade de equipamento de última xeración para a secuenciación masiva de xenomas humanos completos e exomas a gran escala, que proporcione a potencia, a flexibilidade e a capacidade de secuenciación necesarias para abordar os retos aos que se enfrontará a FPGMX nos próximos anos.

Conscientes ambas partes do alto interese que a incorporación deste novo equipamento terá para a mellora do diagnóstico xenético en Galicia, ambas partes manteñen o compromiso de unir os seus esforzos para acadar o obxectivo previsto no convenio asinado e

ACORDAN

Primeiro.- O obxectivo do presente Convenio é concretar o importe da doazón pola Fundación Amancio Ortega Gaona destinada a sufragar os custes de adquisición e servizo de mantemento por cinco anos dun novo equipo de secuenciación masiva de ADN para a FPGMX.

O importe máximo da doazón é de 1.200.000 €, e ven determinado polo valor estimado do expediente de contratación asociado a adquisición do equipo e o seu servizo de mantemento por un período de cinco anos. Non obstante, dentro do límite deste importe máximo, o importe final axustarase definitivamente de acordo co prezo final de adxudicación.

Segundo.- Para estes efectos, a FPGMX formalizará un expediente de contratación para a licitación do contrato de subministración de dito equipamento e servizo de mantemento de cinco anos, consonte ao establecido na lexislación vixente de Contratación do Sector Público.

Terceiro.- A colaboración da Fundación Amancio Ortega realizarase mediante unha única achega polo importe final da adxudicación total, dentro dos límites fixados no acordo primeiro, unha vez que por parte da FPGMX se xustifique documentalmente a dispoñibilidade operativa do equipo indicado.

O ingreso monetario farase na conta de titularidade da FPGMX [REDACTED], no prazo máximo de un mes dende o momento que a FPGMX xustifique documentalmente a dispoñibilidade do equipo adquirido e o inicio de actividade e previa recepción pola Fundación Amancio Ortega Gaona da seguinte documentación:



1. Solicitude por escrito por parte da FPGMX do importe final que esta entidade debe abonar á empresa adxudicataria pola instalación do equipamento e o servizo de mantemento durante a vixencia do contrato.
2. Copia da correspondente acta de conformidade formalizada pola empresa adxudicataria e validada pola FPGMX
3. Factura emitida polo adxudicatario debidamente aprobada e firmada pola FPGMX durante a vixencia do contrato

En calquera caso, os gastos correspondentes ao contrato de subministro e servizo de mantemento relativos ao equipo adquirido serán aboados directamente pola FPGMX, correspondendo a esta entidade asumir as obrigas xeradas polos mesmos, sen que a Fundación Amancio Ortega Gaona contraia, a través deste Convenio, ningún tipo de obriga, ni derivada do citado contrato de subministro e servizo de mantemento nin fronte a empresa adxudicataria, circunstancia que as partes intervintes no presente Convenio aceptan expresamente.

Cuarto.- A FPGMX comprométese á asunción do resto de custes relativos ao funcionamento do equipo, incluíndo a formación do persoal, pezas e materiais e traballos especiais non cubertos polo servizo de mantemento adxudicado necesarios para a posta a disposición do equipo durante a duración do contrato adxudicado.

Quinto.- A FPGMX fará constar, previa consulta e de común acordo coa Fundación Amancio Ortega Gaona, o patrocinio e a aportación de esta en toda a documentación (calquera que sexa o seu soporte), convenios con outras institucións no que se mencione o equipo adquirido; e en todos os actos de promoción, difusión e publicidade do secuenciador de ADN adquirido cos fondos doados en cumprimento co previsto no presente Convenio. O ben adquirido será identificado mediante a colocación dunha placa explicativa permanente e visible.

Sexto.- O presente Convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo da Fundación Amancio Ortega Gaona cos profesionais do Servizo Galego de Saúde e da FPGMX ou da empresa adxudicataria do contrato de subministro e servizo de mantemento ou calquera outra partícipe na execución do mesmo, de forma que non se poderá esixir á



Fundación Amancio Ortega Gaona responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria algunha polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

Sétimo.- Durante a execución deste Convenio prevese a existencia dunha comisión de seguimento que, en caso necesario, interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxectivo do presente Convenio así como para resolver as controversias que xurdan como consecuencia da execución de este, de ser o caso.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables. A Comisión reunirase por solicitude de calquera das partes asinantes, considerándose constituída se asiste un dos representantes nomeados por cada parte.

Os membros de esta comisión, poderán asistir á celebración das reunións da mesma acompañados polas persoas que consideren necesario en cada momento.

Oitavo.- Obríganse os participantes no presente Convenio ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Así mesmo, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais así como no resto de lexislación vixente nesta materia, as partes se comprometen a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente Convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan empregalos para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar a relación entre as partes.

Noveno.- A propiedade intelectual derivada das accións precisas para a materialización do obxecto do presente Convenio estará suxeita ás disposicións legais vixentes na materia, en concreto, ao Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, e a os artigos 53 e seguintes da Lei 2/2011, do 4 de marzo,

de economía sostible, así como nas normas establecidas polo Servizo Galego de Saúde e a FPGMX nesta materia.

Décimo.- Calquera cambio ou modificación do presente Convenio deberá realizarse por escrito, mediante acordo entre as partes, formalizando addenda a este Convenio.

Undécimo.- Son causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- Transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- Acordo unánime das partes.
- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por resolución xudicial declaratoria de nulidade do Convenio.
- A denuncia expresa do convenio manifestada por calquera das partes con tres meses de antelación.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste Convenio ou nunha lei que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento, das obrigas e compromisos asumidos, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que cumpra no prazo de trinta días seguintes a recepción da notificación escrita da parte que aprecie o incumprimento, identificando dito incumprimento e reclamando a súa subsanación. Este requirimento será comunicado a Comisión de seguimento.

As partes comprométense a resolver de forma amigable no seno da Comisión de seguimento calquera discrepancia que sobre a interpretación, desenvolvemento, modificación, resolución e efectos de este Convenio puidera xurdir.

Decimo segundo.- O presente Convenio ten natureza administrativa, resultando de aplicación o previsto nas súas cláusulas e o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

Décimo terceiro.- Este Convenio terá efectos dende a data do seu asinamento e a súa vixencia será de un ano.

O Convenio poderá prorrogarse, por acordo unánime das partes, polo período estritamente necesario ata o cumprimento do seu obxectivo sen superar o límite establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Décimo cuarto.- Este Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos Arts 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente Convenio no lugar e data indicados.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

POLA FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA

Jesús Vázquez Almuiña

José Arnau Sierra